

**Asunto:** Solicitud de aplazamento do inicio do curso escolar 2020-2021 no CPI Mosteiro MEIS

Dende a **Asociación de nais e pais de alumnos A Capela do Centro Público Integrado CPI Mosteiro-Meis**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 1975/000235-1<sup>a</sup>**, queremos solicitar á autoridade competente, **o aplazamento do inicio escolar 2020-2021** no noso centro tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro: Con data 04/09/2020, todo o profesorado do centro – segundo nos explica o Equipo Directivo- obtén un resultado negativo nas probas serolóxicas que se lles realizaron, de xeito preventivo, con motivo do inicio de curso.

Segundo: Ese mesmo día (04/09/20) réunese o claustro de profesores ó completo no comedor do CPI.

Terceiro: Con data 07/09/2020, e con posterioridade á reunión cos nais/país de alumnos/as de Primaria no exterior do centro escolar, se recibe notificación pola aplicación *Espazo Abalar* e pola web do CPI Mosteiro - Meis ([www.xunta.gal/centros/cpimosteromeis](http://www.xunta.gal/centros/cpimosteromeis)) comunicando que **a actividade do centro escolar se reduce a servizos mínimos por mor dun caso positivo en Covid-19 e en espera das probas necesarias para garantir que o edificio sexa un lugar seguro.**

Cuarto: Tras confirmar que a persoa contaxiada é o Director do centro, todo o seu Equipo Directivo, orientadora, conserxe e dous profesores – según nos transmiten os mesmos - se poñen en cuarentena preventiva por ser as persoas que manteñen un contacto máis estreito co afectado nos días anteriores ó resultado da proba.

Quinto: Quedan suspendidos os últimos preparativos nas instalacións do centro para a adaptación ao protocolo Covid-19 que viñan facendo, con maior implicación, o persoal do centro anteriormente referenciado e actualmente en cuarentena.

Particularmente o comedor escolar non está, nestes momentos, en condicións de ofrecer o servizo de comedor con seguridade ós/as 250 alumnos/as que este curso solicitaron o mesmo.

Por outra banda, e tras comunicar a Consellería de Educación que o profesor responsable da coordinación do comedor e cociña do noso centro debe itinerar a outro centro escolar e, como consecuencia, éste cesa no seu cargo de organizador/coordinador deste servizo, únicamente o Director do centro e parte do seu equipo directivo en corentena son na actualidade os coñecedores da organización e funcionamento da cociña e o comedor.

Sexto: O día 09/09/20, último día previo ó inicio de curso, esta ANPA contacta telefónicamente co Equipo Directivo do CPI, que nos comunica que - tras varios intentos infructuosos na procura de indicacións ó longo da semana – finalmente, responsables da Consellería de Educación confirman que *se debe iniciar o curso con normalidade e debe asumir as funcións directivas básicas o mestre/a máis antigo/a do centro, según ten previsto a normativa.*

Septimo: Nestas indicacións anteriormente descritas por parte da Administración competente, se evidencia unha ausencia total de información ou indicacións respecto doutras cuestións de interese fundamental para os/as país/nais en particular e a comunidade educativa en xeral, de cara ó inicio do calendario escolar como son:

- A limpeza é desinfección do centro escolar tras a confirmación dun caso positivo en COVID-19.
- A realización de PCR ou probas similares que determinen un resultado negativo no persoal – directivo, docente, administrativo e servizos - que vai a iniciar ó curso cos nosos fillos e fillas,
- A confirmación de que as instalacións están finalmente modificadas e adaptadas ó protocolo COVID-19 xa que o equipo responsable destas modificacións son, na súa maioría, os membros do persoal docente e directivo que se atopan en corentena.

Octavo: Ante esta falla de información respecto destas cuestións, a Xunta Directiva da ANPA A Capela toma a decisión de comunicar os seus socios/as en primer lugar e ó resto da comunidade educativa do CPI en segundo lugar, cales son as indicacións da Consellería de Educación de cara ao inicio do curso tras a confirmación dun positivo en Covid do noso centro.

Noveno: Os país e as nais do noso centro comezan a mostrar un rechazo absoluto a iniciar o curso escolar nestas condicións, considerando que non teñen garantías – dentro da natural impredecibilidade da situación sanitaria que estamos vivindo – de que poidan levar os seus fillos

e fillas con un mínimo de seguridade e sen que se activen as medidas oportunas, recomendadas polas autoridades sanitarias, para minimizar o impacto dun potencial brote.

Décimo: Con data 10/09/20 esta ANPA coñece, por medio do director do centro, convaleciente na súa casa e mediante chamada telefónica, que ten coñecemento de que a empresa responsable da limpeza do colexio realizou, nos dous días anteriores, unha limpeza en profundidade do centro (descoñecemos si se procedeu igualmente á súa desinfección)

Dada esta relación de feitos queremos informar que, no noso cole, e por decisión dos pais/nais e tutores legais dos alumnos e alumnas NON se iniciou o curso escolar segundo o previsto, pola alarma sanitaria creada e a falta de medidas ó respecto, sendo ata onde sabemos, o único centro na Comunidade Autónoma de Galicia que sofre estas circunstancias:

Por todo o anteriormente descrito, queremos:

**1º Solicitar se teña en consideración as circunstancias particulares que transcurren no CPI Mosteiro Meis e se paralicen as clases lectivas**

**2º Se reanude o calendario escolar no noso centro unha vez se cumpran as seguintes medidas:**

- Confirmación da desinfección do centro escolar
- Confirmación de PCR negativas en todo o persoal do centro ou adaptación das medidas oportunas no caso de novos positivos.
- Finalización das modificacións necesarias nas instalacións do centro a fin de que éste se adapte ó protocolo COVID recomendado pola Xunta de Galicia.

Finalmente, aclarar que non é a nosa intención cuestionar as condicións sanitarias, educativas, políticas e/ou sociais que circunscriben a situación que debemos afrontar co COVID-19 ó longo deste curso senón, únicamente **que se tomen as medidas oportunas e recomendadas en tódolos protocolos sanitarios de loita contra o COVID e se apliquen no noso centro escolar incrementando así, ó mesmo nivel co resto de centros escolares, as garantías e seguridade coas que os nosos fillos e fillas acudirán este ano ó colexio.**

En Meis, a 10 de Setembro de 2020.

Fdo. Sonia Otero Fresco  
Presidenta ANPA A Capela